



/:Non sei que tén a morena,
non sei qu'a morena tén:/
/:non sei que tén a morena,
que todos lle queren ben:/

As nenas de Redeghulfe
son unhas férvell'as-berzas,
/:por unha copa de caña
deixan aperta-las tetas:/

As rapazas qu'hai aghora
son unhas ferveleteiras
/:collen as berzas na i-horta,
bótanas na pota enteiras:/

/:Con Cerceda non se pode:/
/:a nena qu'é boa moza,
i-o porveito é do seu home:/

O paxaro cando bebe
mete o pescozo no mar-e,
alegría, rapaciñas,
que aí veñen os de Xermade.

- Que lle cantabamos cando viñamos pa bailar.

/:A i-aldeíña da Vila
'stá pintada darredor-e:/
/:que a pintaron as nenas
cunha cinta de color-e:/

- Que nos somos da Vila. Chámase A Vila da Eirexe.

As rapaciñas da Vila,
eu direi quén elas son:
/:pequeniñas e ben feitas,
aleghres do corazón:/

- Isto non é jota?
- Non.
- E como se chama esto?



- Esto é, eu que sei, un cantar aquí da aldea.
- Con este tono non se baila?
- Pódese bailar o agharrado, si. Pódese bailar o valse.
- Pódese bailar o valse con eso?
- Si, si. Este é o agharrado, así o valse.
- Pero non vale como jota eso?
- Coma un pasodoble, así. Bailase...
(bailan)

Este demonio de Carlos
quedou de vir e non veu,
/:collú o ferrocarril-e
marchou pa Montevideu:/'

Durmo sola, durmo sola
porque non teño marido,
/:cando me pican as pulghas
do outro lado me viro:/'

/:Deiteim ´e adormecín-he,
dormín un sono lixeiro:/'
/:deiteime no mes de maio,
recordei no de xaneiro:/'

Aghora que veu a noite
veu a miña alegría
/:para ve-los meus amores
que nonos vin polo día:/'

Teñ ´un amor carpinteiro
que traballa como quere,
/:quixo facer un arado
e salíull ´unha muller-e:/'

Déchesme un vaso de viño
en señal de matrimonio.
O viño bebelo si,
casar contigo non pode.